

Os tiradores recollen os seus enseres e *Rio Sar* pecha as súas portas ata o próximo fin de semana, onde novamente se disputará unha competición oficial, nesta ocasión o galego de *Percorridos de Caza* no que se darán cita os 70 mellores tiradores galegos.

## SOLDADO FOLCH, DA COMUNIDADE VALENCIANA, REVALIDA O TÍTULO DE CAMPEÓN DE ESPAÑA DE COMPAK SPORTING, E O GALEGO IGLESIAS OTERO QUEDA CUARTO.

*Antonio Iglesias, a un prato do pódium.-*



Iglesias Otero, posando para os medios

Santiago, 29 de xuño.- O pasado domingo, 28 de xuño, tirábanse os 25 pratos que restaban para completa-los 200 aos que debían enfrontarse os 220 tiradores que tomaron parte no Campionato de España de Compak Sporting disputado entre os días 26 e 28 nas instalacións da sociedade deportiva *Rio Sar*, en Trazo (A Coruña).

O tirador Valenciano, Félix Soldado, impoñíase como campión absoluto da proba, con 184 pratos partidos sobre os 200 lanzados, revalidando así o título de campión de España, mentres que o tirador da Federación Galega de Caza, o **santiagués Antonio Iglesias Otero**, con 177 pratos/200 quedaba cuarto da xeral, e por apenas un prato non conseguía pódium.



Na foto Os campións da xeral, Soldado, Jiménez e Valero

En *veteranos*, campión foi Rafael Insa, da Comunidade Valenciana, con 159/200 pratos; mentres que o galego de *ferrol*, **Antonio Castro**, foi oitavo, con 146/200. O mesmo posto foi para o *superveterano* **Manuel Martín Boedo**, de A Coruña, con 96/200; e en *terceira categoría* o tirador galego de As Pontes, **Artemio Formoso** acabou noveno.



Os patrocinadores da competicións coas autoridades federativas

No acto de clausura da competición estiveron presentes o presidente da Real Federación Española de Caza, o alcalde de Trazo, o presidente da Federación Galega de Caza, e o presidente da sociedade *Rio Sar*, entroutras autoridades. O acto abriao, un emocionado, José Luis Sánchez Mancebo, presidente da sociedade anfitriona, quen apenas era capaz de articular palabra pola emoción que o embargaba, Sánchez Mancebo aproveitaba para agradecer a todos a súa participación e apoio.

Logo, o presidente da Galega de Caza ademais de feliciar á organización e particularmente ao presidente de *Rio Sar*, pedíalle ao presidente da Española competicións de máis alto nivel para *Rio Sar* “un próximo campionato do mundo por exemplo, xa que *Rio Sar* reúne tódalas condicións para organizar unha proba destas características” –dixo-. Ao que Gutiérrez Lara, presidente da Española, respostaba comprometéndose a face-las xestións oportunas coa FITASC para que *Rio Sar* acolla próximamente unha competición deste nivel “porque ademais de se-lo mellor campo no ámbito nacional é unha garantía de éxito a nivel organizativo” –puntualizou-; o presidente da RFEC ademais de felicitar aos campións, recoñeceu o labor arbitral, e o enorme traballo realizado pola Federación Galega de Caza e por *Rio Sar* para levar a cabo a organización deste campionato.

E xa para rematar, a organización entregou a tódolos tiradores participantes, previa contestación dunha enquisa anónima na que haberían de valora-los diferentes aspectos do campionato (técnicos, organizativos, etc) co obxecto de coñece-lo grado de satisfacción dos deportistas, unha bolsa con *productos da terra*.

**Patrocinadores:** SANCOSA, SL; FRINSA; CARTUCHOS MELIOR; EXCLUSIVAS CENTAURO, SL; FRUTAS BARREIRO; MIGUEZ CUTRIN, SL; PANADERIA PIÑANA; YÁÑEZ AUTOMOCIÓN.